

Conxuntura estatística do ámbito cultural. Outubro de 2020

A crise sanitaria e as medidas decretadas teñen un impacto moi importante no ámbito cultural. A situación provocada pola pandemia está a afectar de forma xeneralizada a todos os sectores culturais en Galicia. Este informe constitúe a segunda conxuntura estatística do sector que realiza o Observatorio da Cultura Galega e describe a situación actual das empresas e traballadores/as culturais en Galicia e a súa evolución temporal.

A primeira conxuntura publicouse no mes de xuño¹ e os principais resultados dese informe confirmaban un parón importante na creación de

¹ <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4371>

empresas culturais e, principalmente, o impacto negativo que tivo sobre o emprego, xa que se reduciu un 6,3% a cifra de cotizacións á Seguridade Social nas ramas de actividades profesionais que conforman o sector cultural. Víronse especialmente afectadas as actividades de creación, artísticas e espectáculos, que perderon un 10,4% dos empregos. Así mesmo, observouse que nesta situación de crise económica durante os meses de marzo, abril e maio, 667 empresas culturais galegas recorreron a expedientes de regulación de emprego temporal (ERTES) por mor das dificultades económicas que estaban a atravesar e co fin de poder preservar os postos de traballo. Esta situación viuse claramente reflectida na contabilidade trimestral, xa que algunhas actividades culturais sufriron unha caída moi importante, por diante da evolución do conxunto da economía galega.

O presente documento de traballo ofrece información acerca de todos os indicadores estatísticos dispoñibles sobre o ámbito cultural. Análizase a situación do sector dende a publicación da conxuntura anterior, pero para facilitar a lectura ofrécense as evolucións dos indicadores dende xaneiro ata setembro de 2020 de creación de empresas a través da explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME), de emprego cultural a partir das afiliacións á Seguridade Social, de comercio exterior e intracomunitario de produtos culturais e da evolución do IPC. A confianza dos consumidores, de periodicidade trimestral, ofrécese nunha serie máis longa. Por último, examínase a situación do sector da cultura nas contas económicas de Galicia do último trimestre dispoñible e faise unha proxección baseada nas realizadas para o conxunto da economía galega polo Foro Económico de Galicia.

Creación de empresas

A explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* é unha operación estatística que elabora o Instituto Galego de Estatística (IGE) con carácter mensual. O obxectivo desta operación é medir a demografía das sociedades mercantís en Galicia e ofrece información sobre os seguintes aspectos:

- As empresas creadas, as que amplían e reducen capital e as que desenvolven dividendos pasivos.



- Información sobre as empresas en situación concursal e as quebras, disolucións, extincións e transformación de sociedades ocorridas no mes de estudo.
- Información sobre o número de socios fundadores das sociedades constituídas cada mes, así como da súa distribución por sexo.

A explotación desta fonte estatística para este informe ten como obxectivo coñecer o número de sociedades mercantís constituídas e estudar a posible incidencia da crise sanitaria da COVID-19 na creación de empresas culturais.

Para determinar o número de empresas culturais creadas en Galicia tivéronse en conta os CNAE 2009 específicos das actividades culturais, que son os seguintes:

18. Artes gráficas e reprodución de soportes gravados.

58. Edición.

59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical.

60. Actividades de programación e emisión de radio e televisión.


73. Publicidade e estudos de mercado.

90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos.

91. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais.

Durante o período que abrangue de xaneiro a setembro de 2020, creáronse en Galicia 76 empresas culturais, das que máis da metade foron as que realizan actividades de publicidade e estudos de mercado (34), seguido das actividades de creación, artísticas e espectáculos (17). Pola contra, non se creou ningunha empresa de actividades de programación e emisión de radio e televisión.

Número de empresas culturais creadas por tipo de actividad (xaneiro-setembro 2020)




Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME)

Por provincias, foi na da Coruña onde se crearon máis empresas neste período (39), seguida da de Pontevedra (31). Moi por detrás están as provincias de Ourense, onde se crearon 4 empresas, e a de Lugo, onde se crearon dúas empresas.

Por meses, en marzo foi cando se crearon máis empresas (16) pero, como contraste, o mes de abril foi no que rexistrou o número máis baixo de altas (2). Na anterior conxuntura constatouse unha repunta en maio, que agora se prolonga durante os meses de xullo e agosto, nos que se crearon 10 empresas en cada un dos meses. No mes de setembro reduciuse de novo a cifra e creáronse catro empresas menos ca en agosto. A continuación pódese ver a evolución:



Evolución do número de empresas culturais creadas (xaneiro-setembro 2020)



Fonte: IGE. Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil* (BORME)

Se se comparan estas cifras coas do ano anterior neste mesmo período de xaneiro a setembro, cómpre salientar que en 2020 se crearon 5 empresas menos (o que significa unha redución dun 6,2%). A diferenza máis salientable está nos meses de abril e maio. Para o mesmo período, o total de empresas mingou en 567 unidades, o que supón un 19,6% menos. Isto quere dicir que o ritmo de creación de empresas culturais descendeu en menor medida que o conxunto de empresas.

Comercio exterior e intracomunitario de produtos culturais

Esta estatística procede dunha explotación elaborada polo IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria. Dadas as limitacións metodolóxicas que existen neste ámbito, úsanse as clasificacións TARIC (Arancel Integrado das Comunidades Europeas), concretamente cinco epígrafes:

37 Produtos fotográficos ou cinematográficos.

49 Produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos.

85 Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación.

92 Instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos.

97 Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade.


Os resultados provisionais para os nove primeiros meses de 2020 indican que en Galicia se importaron máis produtos culturais dos que se exportaron, unha tendencia que é habitual. Outro dato salientable é que foi nas provincias da Coruña e Pontevedra nas que se produciron máis importacións e exportacións de produtos culturais.

No tocante ás exportacións, foi no mes de febreiro no que se exportaron máis produtos culturais, e concretamente as máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación. Pola contra, os produtos menos exportados foron os obxectos de arte, de colección ou de antigüidade. Por provincias, A Coruña e Pontevedra foron as que rexistraron a cifra máis elevada de exportacións.

En canto ás importacións, foron fundamentalmente máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación, e os menos importados foron os instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos. Por provincias, de novo A Coruña e Pontevedra foron as que rexistraron máis importacións.

A evolución é a que segue:

**Evolución das importacións e exportacións de produtos culturais
(xaneiro-setembro 2020)**



Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Como xa se puido comprobar no documento de traballo publicado en xuño, no mes de marzo reduciuse de maneira sensible a actividade exterior. No mes de abril continuou este descenso, máis acusado nas importacións, para en xuño e xullo crecer. En agosto experimentouse un novo descenso dun 84,7%, que se recuperou moderadamente en setembro.

Se se comparan as cifras totais de importación e exportacións en Galicia desde o principio do ano 2020 e as de importacións e exportacións de produtos culturais, compróbase que os produtos culturais sufriron un maior descenso, tanto de importacións como exportacións. No caso das importacións, as que corresponden ao total dos produtos caeron nun 27,9%, mentres que nos produtos culturais caeron nun 65,3%. No caso das exportacións, o total dos produtos exportados sufriron unha caída do 13,7%, mentres que as exportacións de produtos culturais diminuíron nun 60%.

Índice de prezos de consumo

O índice de prezos de consumo de produtos relacionados co ocio e a cultura en Galicia nos primeiros nove meses de 2020 sitúase 5,5 puntos por debaixo do índice xeral de prezos (98,174 fronte a 103,652), un feito similar ao que acontece no conxunto do Estado, pero cunha diferenza inferior de 4,4 puntos. As taxas de variación indican que nestes nove meses os prezos descendieron de xeito global tanto en Galicia como en España. Ao comparar a taxa de variación do índice do último mes de setembro respecto ao mes de agosto, obsérvase unha suba de 0,1 puntos no total dos produtos, pero nos produtos culturais os prezos reducíronse en 1,9 puntos. Porén, no total do Estado os prezos do conxunto dos produtos incrementáronse en 0,2 puntos, mentres que nos produtos culturais se produciu una baixada de prezos de 2,9 puntos. Na seguinte táboa comparativa amósanse estes datos.

Índice e taxas de variación de prezos de consumo (IPC) base 2016. Índice xeral e por grupos ECOICOP (xaneiro-setembro de 2020)

	Galicia			Ocio e cultura		
	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)
Xaneiro	104,249	-1,1	-1,1	98,130	-1,7	-1,7
Febreiro	103,97	-0,3	-1,3	98,835	0,7	-1,0
Marzo	103,441	-0,5	-1,8	98,651	-0,2	-1,2
Abril	103,748	0,3	-1,5	99,219	0,6	-0,6
Maio	103,816	0,1	-1,5	97,891	-1,3	-2,0
Xuño	104,392	0,6	-0,9	99,240	1,4	-0,6
Xullo	103,398	-1,0	-1,9	99,889	0,7	0,0
Agosto	103,573	0,2	-1,7	100,069	0,2	0,2
Setembro	103,652	0,1	-1,6	98,174	-1,9	-1,7

España

	Índice	Xeral		Índice	Ocio e cultura	
		Variación so- bre o mes an- terior (%)	Variación no que vai de ano (%)		Variación so- bre o mes an- terior (%)	Variación no que vai de ano (%)
Xaneiro	104,202	-1,0	-1,0	98,130	-1,1	-2,1
Febreiro	104,078	-0,1	-1,1	98,835	-0,3	-1,3
Marzo	103,679	-0,4	-1,5	98,651	-0,5	-1,4
Abril	103,992	0,3	-1,2	99,219	0,3	-0,6
Maio	103,986	0,0	-1,2	97,891	0,1	-2,1
Xuño	104,466	0,5	-0,7	99,240	0,6	-0,7
Xullo	103,528	-0,9	-1,6	99,889	-1,0	0,1
Agosto	103,575	0,0	-1,6	101,518	0,2	0,3
Setembro	103,731	0,2	-1,4	99,346	-2,1	-1,8

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística. (INE. Índice de prezos de consumo. Extraído de <http://www.ine.es>)

A análise por subgrupos indica que algúns prezos subiron lixeiramente nos primeiros nove meses do ano 2020, especialmente os que teñen que ver con prensa, libros e artigos de papelería, que experimentan un ascenso ao final destes primeiros nove meses (1,6%). Pola contra, os equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información son os produtos que experimentan unha maior baixada de prezo (-3,1%) entre xaneiro e setembro. Os servizos recreativos, deportivos e culturais tamén rexistran un descenso moi leve dos prezos nestes nove meses (-0,1%), a mesma taxa de variación que se produciu entre agosto e setembro. Por último, incrementáronse neste período os prezos doutros grandes bens duradeiros para lecer e cultura (0,1 puntos), aínda que experimentaron unha baixada dos prezos dun 0,4% entre agosto e setembro.

O comportamento dos prezos no total do Estado é algo diferente. Os produtos de prensa, libros e artigos de papelería así como os servizos recreativos, deportivos e culturais experimentan un incremento dos prezos, pero nas restantes categorías de produtos culturais diminúen.

Índice e taxas de variación de prezos de consumo (IPC) base 2016. Índices de sub-grupos (xaneiro-setembro 2020)

Equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información						
	Galicia			España		
	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)
Xaneiro	86,206	-0,6	-0,6	85,272	-0,3	-0,3
Febreiro	85,786	-0,5	-1,0	84,696	-0,7	-1,0
Marzo	85,908	0,1	-0,9	84,448	-0,3	-1,2
Abril	85,338	-0,7	-1,6	84,163	-0,3	-1,6
Maio	84,815	-0,6	-2,2	83,493	-0,8	-2,4
Xuño	84,507	-0,4	-2,5	83,022	-0,6	-2,9
Xullo	84,405	-0,1	-2,6	83,349	0,4	-2,5
Agosto	82,738	-0,7	-3,2	83,995	-0,5	-3,1
Setembro	84,022	0,0	-3,1	82,728	0,0	-3,3

Outros grandes bens duradeiros para lecer e cultura

	Galicia			España		
	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)
Xaneiro	95,109	-1,4	-1,4	98,764	0,4	0,4
Febreiro	95,109	0,0	-1,4	98,046	-0,7	-0,3
Marzo	95,254	0,2	-1,3	97,907	-0,1	-0,4
Abril	96,587	1,4	0,1	97,848	-0,1	-0,5
Maio	96,847	0,3	0,4	98,935	1,1	0,6
Xuño	96,847	0,0	0,4	98,843	-0,1	0,5
Xullo	97,804	1,0	1,4	98,716	-0,1	0,4
Agosto	98,329	-0,4	0,0	96,965	-0,9	0,5
Setembro	96,615	-0,4	0,1	98,263	-0,1	-0,1

Servizos recreativos, deportivos e culturais

	Galicia			España		
	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)
Xaneiro	100,888	-0,3	-0,3	101,386	-0,3	-0,3
Febreiro	101,188	0,3	0,0	101,693	0,3	0,0
Marzo	101,353	0,2	0,2	102,487	0,8	0,7
Abril	101,394	0,0	0,2	102,527	0,0	0,8
Maio	101,394	0,0	0,2	102,528	0,0	0,8
Xuño	101,207	-0,2	0,0	102,161	-0,4	0,4
Xullo	101,188	0,0	0,0	101,849	-0,3	0,1
Agosto	101,626	-0,2	-0,1	101,017	-0,2	-0,2
Setembro	101,103	0,1	-0,1	102,068	0,4	0,3

Prensa, libros e artigos de papelería

	Galicia			España		
	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)	Índice	Variación sobre o mes anterior (%)	Variación no que vai de ano (%)
Xaneiro	107,220	0,4	0,4	107,346	0,5	0,5
Febreiro	107,033	-0,2	0,2	107,137	-0,2	0,3
Marzo	106,96	-0,1	0,2	107,016	-0,1	0,2
Abril	107,221	0,2	0,4	107,294	0,3	0,4
Maio	107,313	0,1	0,5	107,245	0,0	0,4
Xuño	107,432	0,1	0,6	107,300	0,1	0,4
Xullo	107,864	0,4	1,0	107,385	0,1	0,5
Agosto	107,458	0,1	0,6	107,887	0,0	1,0
Setembro	108,282	0,4	1,4	107,831	0,3	0,9


Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística. (INE. Índice de prezos de consumo. Extraído de <http://www.ine.es>)

Confianza dos consumidores

Con relación ás actividades de ocio realizadas pola poboación galega nos últimos meses, tales como poder saír cear, a cafetarías, ir ao cine e ao teatro, obsérvase nos datos o efecto da crise sanitaria e da declaración no mes de marzo do estado de alarma. No segundo trimestre (que dá conta da actividade do trimestre anterior), este indicador caeu ata un 39,56% e, no terceiro, ata o 20,09% como consecuencia do confinamento da poboación

que se produciu na primavera. Esta cifra non se acadou nunca en toda a serie histórica dende 2010. Na seguinte gráfica pódese comprobar esta evolución.


Fogares que puideron saír cear, a cafetarías, ir ao cine e ao teatro en Galicia (datos trimestrais)



IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Os plans de lecer dos fogares galegos de cara ao futuro tamén se ven influídos pola actual situación. Mentres que no último trimestre do pasado ano 2019 un 63,3% pensaba saír cear, a cafetarías ou ir ao cine e ao teatro, no primeiro trimestre de 2020 non chega ao 58%, isto é, un 5,5% de fogares menos, cifra que cae ata o 19,4% no segundo trimestre, como consecuencia das restricións de mobilidade. Porén, como era de prever, no terceiro trimestre, no que rematou o estado de alarma e, xa que logo, o confinamento, esta cifra incrementouse ata o 36,6%, que, con todo, se sitúa 5,2 puntos por debaixo do peor momento da serie histórica (1º trimestre de 2011). Pódese constatar esta evolución na seguinte gráfica.

Fogares que teñen pensado poder saír cear, a cafetarías, ir ao cine ou ir ao teatro nos próximos tres meses en Galicia (datos trimestrais)




IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Se se comparan os dous indicadores, se ben a actividade pasada descendeu constantemente, a expectativa mellora un pouco no terceiro trimestre.

Afiliacións á Seguridade Social

Galicia rexistra a finais de setembro de 2020 unha cifra de 15.384 persoas afiliadas á Seguridade Social nas principais actividades culturais, o que representa o 1,5% do total de afiliacións de todos os sectores. Na anterior conxuntura observouse un pequeno aumento en maio que agora se mantén ata xullo. Tamén se observa outro incremento no mes de setembro con respecto ao mes anterior, pero sen acadar a cifra de finais de xullo. Con todo, a cifra é superior á rexistrada no mes de abril, no que se contabilizaron un total de 14.879 afiliacións, o cal supón a cifra máis baixa no que vai de ano. Pese a iso, o aumento das afiliacións entre abril e setembro é menor na cultura (+3,4%) que no conxunto do mercado laboral (+3,6%).

Afiliacións totais e no eido cultural á Seguridade Social en Galicia (último día do mes)



Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

Un 73,4% das afiliacións do eido cultural corresponden a catro ramas, repartidas do seguinte xeito: 23,4% a publicidade e estudos de mercado, 20,7% a artes gráficas e reprodución de soportes gravados, 15,2% a actividades de creación, artísticas e de espectáculos e 14,1% ás de edición.

Afiliacións á Seguridade Social no eido cultural en Galicia (último día do mes)

	Setembro	% actividades do sector cultural	% Variación set./ago.
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	3.138	20,7	0,9
58 Edición	2.134	14,1	-2,2
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	1.342	8,5	1,1
60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1.340	8,9	-1,5
63 Servizos de información	917	6,1	-7,5
73 Publicidade e estudos de mercado	3.700	23,4	2,4
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	2.340	15,2	0,9

91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	473	3,0	1,7
Total actividades do sector cultural	15.384	100,0	0,1

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

Ao analizar polo miúdo o número de afiliacións á Seguridade Social segundo as ramas da CNAE 2009 entre o último día do mes de xaneiro e o último de setembro, compróbase que só as actividades de publicidade e estudos de mercado aumentaron, concretamente un 3,4%. No resto reducíronse as afiliacións, especialmente nas actividades de creación, artísticas e espectáculos (-9,4%). Estes datos móstranse na seguinte táboa.

Afiliacións á Seguridade Social o último día do mes, segundo réximes e ramas da CNAE 2009 en Galicia (xaneiro-setembro 2020)

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	% Variación set./xan.
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	3.232	3.320	3.240	3.217	3.222	3.209	3.112	3.109	3.138	-2,9%
58 Edición	2.200	2.207	2.174	2.164	2.149	2.138	2.195	2.182	2.134	-3,0%
59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	1.386	1.439	1.221	1.175	1.294	1.311	1.337	1.327	1.342	-3,2%
60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1.402	1.398	1.372	1.368	1.361	1.367	1.372	1.360	1.340	-4,4%
63 Servizos de información	927	933	897	890	887	934	1.040	991	917	-1,1%
73 Publicidade e estudos de mercado	3.578	3.587	3.355	3.374	3.663	3.884	3.792	3.614	3.700	3,4%
90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos	2.584	2.516	2.291	2.232	2.255	2.277	2.325	2.319	2.340	-9,4%
91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	478	481	463	459	450	459	465	465	473	-1,0%

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

Ao establecer unha comparativa da evolución das afiliacións á Seguridade Social entre os sectores económicos máis relevantes, ponse de manifesto que o sector cultural é o que sufriu máis perdas no número de afiliacións entre xaneiro e setembro (-2,6%), por diante da industria ou do conxunto do sector servizos. A seguinte táboa detalla esta evolución.

Evolución das afiliacións á Seguridade Social nas principais actividades económicas segundo a CNAE 2009 en Galicia

(último día de febreiro e o último día de setembro de 2020)

	Cultura	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Non tipificados
Xaneiro	15.787	57.460	145.810	75.747	721.520	3.054
Febreiro	15.881	58.097	146.492	76.523	728.193	3.117
Marzo	15.013	57.771	143.473	72.246	703.386	3.193
Abril	14.879	57.449	141.779	71.749	695.614	3.193
Maio	15.281	57.781	142.542	73.532	702.407	3.210
Xuño	15.579	58.288	143.300	74.973	706.010	3.271
Xullo	15.638	58.757	143.909	76.079	722.552	3.388
Agosto	15.367	59.111	144.021	76.425	722.100	3.442
Setembro	15.384	58.532	144.327	76.611	722.215	3.421
Evolución (%)	-2,6	1,9	-1,0	1,9	0,1	12,1

Fonte: IGE. Instituto Galego de Estatística

Barómetro da Cultura Galega

Coa publicación deste informe² o Consello da Cultura Galega constatou a situación difícil na que se atopan as empresas culturais. O 38,6% das empresas da cultura solicitaron un ERTE, con maior frecuencia nas artes escénicas e no sector do libro e a prensa. O 60,7% das empresas culturais de Galicia reduciu a facturación en máis do 50% e para o 37,6% esta redución foi superior ao 75%. Esa intensa caída nos ingresos é máis habitual dentro do sector das artes escénicas e canto menor é a empresa. A maioría das empresas da cultura prevén caídas de facturación para o que queda de 2020 de entre o 26% e o 50% (29,4%) ou de entre o 51% e o 75% (27,4%).

² http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2020_Barometro-da-cultura-galega-I.pdf

Prognostican maiores caídas tamén as empresas máis pequenas e as das artes escénicas.

En canto ao emprego, o 6,6% do total do persoal foi despedido ata o mes de xuño e prevese despedir outro 9,4% antes de fin de ano. Por sectores, a previsión de realizar despedimentos é maior nas empresas das artes escénicas e nas máis grandes.

Por último, o 11,9% das empresas consideran a posibilidade de proceder ao peche, porcentaxe que se eleva ata o 27,5% no caso das empresas das artes escénicas.

Contabilidade trimestral

As contas económicas trimestrais de Galicia constitúen unha estatística de síntese de carácter conxuntural que ten como obxectivo proporcionar unha descrición cuantitativa do conxunto da actividade económica galega mediante a elaboración dun cadro macroeconómico que ofrece o ritmo de crecemento do PIB galego e das súas compoñentes.

De acordo cos datos que se proporcionan na seguinte táboa, no segundo trimestre de 2020, o PIB a prezos de mercado reduciuse en 14,5 puntos con respecto ao trimestre anterior. Ademais, ofrécese datos do Valor Engadido Bruto (VEB), co seguinte detalle:

Estrutura do produto interior bruto (PIB) a prezos de mercado, pola vía da oferta.

Datos corrixidos de estacionalidade e calendario (base 2015). Galicia

Taxa de variación trimestre anterior	Datos corrixidos de estacionalidade
PIBpm	-14,5
Oferta (VEB)	
<i>Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca</i>	-0,8
<i>Industria</i>	-19,5
Industria manufactureira	-24,2
<i>Construción</i>	-19,0
<i>Servizos</i>	-13,4
Comercio, transporte e hostalaría	-31,6
Información e comunicacións	-9,3
Actividades financeiras e de seguros	2,6
Actividades inmobiliarias	-0,4
Actividades profesionais	-19,5

Administración pública, sanidade e educación	-0,3
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-30,5

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Dentro da desagregación que permite esta operación estatística, pódese comprobar que, entre o conxunto de actividades, as artísticas e recreativas (que inclúen actividades de creación e espectáculos) sofren a segunda caída máis importante (-30,5), só por detrás do comercio, transporte e hostalaría.

No caso do grupo de actividade de información e comunicación (que experimentan un descenso dun 9,3%), atópanse, xunto coa edición, as actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, as actividades informáticas e de telecomunicacións.

Estimación da evolución

O Foro Económico de Galicia publicou unha serie de informes de conxuntura económica nos que se analiza o impacto da pandemia na economía galega.

Nun primeiro documento³, no que se elaborou unha estimación de impacto económico baseado en dous escenarios posibles, confinamento moderado ou estrito, segundo como evolucione a pandemia, sinálase que “a economía galega amosa que a contracción da actividade económica para o ano 2020 oscila entre o 8,5% do PIB no primeiro escenario e o 12,7% no segundo”. Na desagregación por grupos de actividade obsérvase que a rama de información e comunicacións (onde se inclúe a edición, as actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical, actividades de programación e emisión de radio e televisión e os servizos de información) sufrirá un impacto baixo en cal-

³ <https://api.foroeconomicodegalicia.es/uploads/FEG/originals/93dc77d0-232b-47c4-895f-595bed92429f.pdf>

quera dos dous escenarios posibles (moderado ou estrito). No grupo de actividades artísticas, recreativas e de entretemento, o impacto estimado é total ou moi alto nos dous escenarios.

Un segundo informe⁴ analiza o impacto no conxunto do ano e débúxanse tres posibles escenarios de recuperación da economía galega a medio prazo. Os dous primeiros escenarios simulados supoñen que non hai un novo confinamento por mor de gromos do virus xeneralizados. No primeiro, o proceso de recuperación é relativamente rápido e fluído mentres que no segundo os efectos van máis aló do propio confinamento e da imposibilidade de traballar, alterando significativamente o funcionamento normal da economía tamén no terceiro e cuarto trimestre. Nestes dous casos, a contracción da actividade económica galega oscilaría entre o 8,5% do PIB no primeiro escenario e o 12,7% no segundo. Un terceiro escenario considerado ten como obxectivo pór en evidencia o efecto demoleedor que tería un segundo confinamento tras o verán, similar ao vivido no segundo trimestre do ano. A partir do primeiro escenario, incluíndo un confinamento adicional a final de ano cun impacto similar ao vivido, a caída do PIB pasaría do -8,5% a un -18,9%.

Nun terceiro informe⁵ indicase que se ben, ao igual que aconteceu en crises anteriores, o impacto inicial é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, a recuperación posterior ás crises foi ata o de agora moito máis lenta que no total da economía española. Unha das causas ten que ver coa “menor exposición de Galicia aos sectores máis afectados polas restricións da mobilidade, como o comercio e hostalería ou as actividades englobadas dentro das artísticas, recreativas e outros servizos”.

Esta situación indica que a evolución do sector cultural dependerá da evolución xeral da economía e das restricións de mobilidade e afectará de maneira diferente as distintas actividades que compoñen o sector. Tendo en conta todos os datos que se manexan nesta conxuntura, mantense unha previsión dun impacto similar ao do conxunto da economía en actividades de edición e nas cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión e un impacto máis grave que o conxunto da economía para as

⁴ <https://api.foroeconomicodegalicia.es/uploads/FEG/originals/a8002ebc-33ff-4dc3-a2ed-cfc687739620.pdf>

⁵ <https://api.foroeconomicodegalicia.es/uploads/FEG/originals/9df6c60e-4dd6-4fd1-9513-5083e2708b21.pdf>

actividades artísticas e de espectáculos e especialmente aquelas relacionadas coas artes escénicas e musicais.

Se se toma o conxunto de actividades culturais, a estimación tamén indica que estas sufrirán un impacto máis elevado que o conxunto da economía, independentemente do escenario previsto.

Tamén hai que destacar a vulnerabilidade do sector, dado que semellan ter peores expectativas as empresas máis pequenas, tanto en termos de emprego como de facturación.

Conclusións

Neste documento de traballo fíxose un repaso de todos os indicadores estatísticos dispoñibles para o ámbito cultural ata o terceiro trimestre de 2020 inclusive. En xeral, a maioría de indicadores amosan unha mellora con respecto ao segundo trimestre, que coincidiu co confinamento da poboación, pero insuficiente para acadar os niveis previos á chegada da pandemia.

Os datos do *Boletín do Rexistro Mercantil* indican que a creación de empresas culturais sufriu unha baixada nos primeiros meses da crise sanitaria, unha pequena recuperación en xullo e agosto e unha nova caída en setembro. O ritmo de creación de empresas culturais dende xaneiro a setembro de 2020 foi peor no conxunto da economía (-19,6%) que no ámbito cultural (-6,2%).

En troques, o comercio exterior reduciuse dunha maneira máis clara na cultura ca no resto de actividades. As importacións de produtos culturais caeron un 65,3% entre xaneiro e setembro e as exportacións un 60%. As caídas, que foron moi pronunciadas no mes de abril, iniciaron unha recuperación nos meses de xuño e xullo para volver descender despois.

No relativo aos prezos, os produtos culturais experimentan unha baixada acusada en conxunto, o cal indicaría unha situación de debilidade xeral, pero analizando os datos por produtos, pódese ver que esa situación se ve moi influída polo comportamento dos equipos audiovisuais, fotográficos e de procesamento de información. O resto de produtos e servizos culturais apenas varía no que vai de ano e mesmo prensa, libros e artigos de papelería experimentaron un avance dun 1,4%.

A confianza dos consumidores sitúase nos peores niveis da serie histórica. Os resultados do terceiro trimestre de 2020 indican que só o 20,1% da poboación galega puido saír cear, a cafetarías, ir ao cine e ao teatro en Galicia nos tres meses anteriores. En canto ás expectativas, hai que destacar que melloran a partir do proceso de “desescalada”, dado que soben do 19,4% ao 36,1% os fogares que teñen pensado facer unha destas actividades de lecer nos vindeiros tres meses.

Despois dos grandes descensos dos meses de marzo e abril, o emprego nas empresas culturais iniciou unha recuperación. Malia isto, ese incremento foi lixeiramente menor no ámbito cultural (+3,4%) que no conxunto do emprego (+3,6%). Porén, se se observan as afiliacións á Seguridade Social no que vai de 2020, agás as actividades de publicidade e estudos de mercado que aumentaron un 3,4%, reducíronse en todas as ramas da cultura, especialmente nas actividades de creación, artísticas e espectáculos (-9,4%). Se se compara cos grandes sectores produtivos, o cultural é o sector que sufriu máis perdas no número de afiliacións entre xaneiro e setembro (-2,6%), por diante do sector primario, da industria, a construción e do conxunto do sector servizos.

Nas contas económicas trimestrais de Galicia, que constataron unha caída trimestral no segundo trimestre do 14,5% do PIB, as actividades de información e comunicación, entre as que se atopan a edición, as actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, experimentaron unha redución do 9,3% do seu valor engadido bruto. As actividades artísticas e recreativas experimentan o segundo descenso máis importante (-30,5%), só por detrás do comercio, transporte e hostalaría.

Esta situación reflectiuse tamén no I Barómetro da Cultura Galega, no que, á marxe de coincidir en describir unha situación xeral negativa no tecido produtivo da cultura, se constatou unha vulnerabilidade especial das empresas pequenas e das que desenvolven actividades relacionadas coas artes escénicas e musicais.

A partir destes resultados e das prospeccións que fixo durante os últimos meses o Foro Económico de Galicia, pódese realizar unha previsión da evolución do sector cultural nos vindeiros meses. Igual que se fixo anteriormente, a previsión baséase nos escenarios contemplados polo devandito foro que, segundo a evolución da pandemia e das restricións de



mobidade impostas, prevé caídas no PIB galego de entre o 8,5% e o 18,9%, o cal reflicte a grande incerteza da situación. Dentro destas importantes variacións, mantense unha previsión dun impacto similar ao do conxunto da economía en actividades de edición e nas cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión e un impacto máis elevado que o conxunto da economía para as actividades artísticas e de espectáculos e especialmente naquelas relacionadas coas artes escénicas e musicais. Para o conxunto do sistema produtivo da cultura, a previsión é que sufrirá un impacto máis severo que o conxunto da economía. Por último, cómpre chamar a atención sobre as peores expectativas que albergan as empresas máis pequenas e as dedicadas ás artes escénicas e á música.